ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

CINE CARLOS VELO

DOCUMENTAIS ANTROPOLÓXICOS e ETNOGRÁFICOS

PROGRAMACIÓN: 17 de Maio de 2018

11:15- "Miss Ledya" de José Gil (1916), 22'
Presentación e música en directo a cargo de Severiano Casalderrey

12:00- SIMPOSIO: "Os fotógrafos ambulantes, de rúa, festas e feiras. Fotografía e etnografía". Coa participación de: Xosé Carlos Sierra, César Llana e Severiano Casalderrey

13:15- "Galicia y Buenos Aires" de José Gil (1931), 28'

16:30- "Miss Ledyia" de Xosé Gil (1916), 20'
Presentación e música en directo a cargo de Severiano Casalderrey

17:30- "Galicia y Buenos Aires" de José Gil (1931), 28'

José Gil y Gil
(As Neves-Pontevedra, 1870-Vigo, 1937)

DEPUTACIÓN OURENSE

OURENSANÍA

CONCELLO DE CELANOVA

CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO

MUSEO ETNOLÓXICO RIBADAVIA - Ourense

XUNTA DE GALICIA

galicia

Museo do Pobo Galego
Memoria en movemento



***MISS LEDYA* (Galicia, 1916) 22'.**

Proxección en dixital; Dirección: José Gil y Gil; Música en directo composta e interpretada por Severiano Casalderrey

É o primeiro filme de ficción realizado en Galicia. Tomando como escenarios a illa da Toxa, as ribeiras do Lérez, o barrio de Monteporreiro e outros lugares de Pontevedra, o seu argumento narra a chegada dun rico estadunidense e a súa sobriña, Miss Ledya Katson, ao Gran Casino da Toxa. Alí coinciden cos reis de Suevia, que se encontran de incógnito, e un anarquista que pretende asasinalos, nunha clara referencia ao magnicidio de Saraxevo de 1914.

O filme, cunha duración de 22 minutos, foi restaurado polo CGAI e a Filmoteca Española a partir do material conservado polo Museo de Pontevedra. Proxectarase con música en directo, composta e interpretada por Severiano Casalderrey, quen ademais fará unha presentación sobre José Gil y Gil disertando sobre a súa vida e obra.

***GALICIA Y BUENOS AIRES* (Galicia, 1931) 28'.**

Proxección en dixital; Dirección: José Gil y Gil; Música recompilada e editada por Severiano Casalderrey

Esta cinta é un exemplo do cine de correspondencia, un estilo propio e característico da filmografía galega que servía para manter vivo o contacto a través das imaxes entre os emigrantes en América e a súa terra galega, mitigando dalgún modo a morriña polo que deixaron atrás (familiares, amigos e terra). Xeralmente facíanse por encargo de asociacións e agrupacións, principalmente de Arxentina, Uruguai e Cuba, que pagaban os custos das películas nas que se rodaban imaxes da vida cotiá, dos traballos, as festas e romarías, monumentos, etc., pero tamén servían para que en América se vira en que se invertían as aportacións dos colectivos antes citados, como infraestruturas (camiños, fontes...) e escolas principalmente. Por outro lado, tamén había tomas para mostrar aos galegos como vivían os emigrantes en América.

José Gil y Gil (1870-1937).

Despois dun breve paso por Ourense, en 1903 xa estaba instalado en Vigo, onde como fotógrafo facía exposicións e traballaba como corresponsal para xornais. En 1907 realiza os primeiros filmes, primeiro para publicitar o seu estudo fotográfico, pero logo comezou a facer películas documentais e publicitarias.

Equipou un automóbil cun laboratorio para revelar as películas que filmaba en calquera lugar e proxectar pola noite para os veciños, actividade que compaxinaba coa fotografía.

En 1916 rodou a primeira película de ficción galega, *Miss Ledya*, onde aparecía como figurante Castelao. Tamén inventou o cine de correspondencia, no que as imaxes sirven de enlance entre Galicia e a emigración. Deste estilo son os documentais *Nuestras fiestas de allá* (1928) e *Galicia y Buenos Aires* (1931).